

PLAN ANUAL DPTO. ORIENTACIÓN

2023-2024

Contáronmo e esquecino

Vino e entendino

Fíxeno e aprendino

(Confucio)

ÍNDICE

1	Introdución	3
2	Xustificación baseada no contexto	4
	2.1. Fundamentación teórica	4
	2.2. Fundamentación legal	6
	2.3. Análise do contexto	9
	2.3.1. Características da contorna e do centro	9
	2.3.2. Características da comunidade educativa	13
3	Identificación e análise de necesidades	14
	3.1. En relación co alumnado	14
	3.2. En relación co profesorado	16
	3.3. En relación coas familias	17
	3.4. En relación ao conxunto do centro	17
	3.5. En relación aos centros adscritos	18
	3.6. En relación coa contorna	18
4	Obxectivos	18
5	Planificación xeral e definición das actuacións prioritarias	20
	5.1. Accións prioritarias de carácter xeral	20
	5.2. Ámbito da acción titorial	21
	5.3. Ámbito da atención á diversidade	24
	5.4. Ámbito da Orientación académica e profesional	27
	5.5. Ámbito de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe	28
6	Estratexias de intervención	29
7	Temporalización	31
8	Recursos	32
	8.1. Persoais	32
	8.2. Materiais	33
	8.3. Organizativos	33
9	Avaliación do plan	34
	9.1 Momentos de avaliación	34
	9.2. Criterios de avaliación	34
	9.3. Axentes de avaliación	35
	9.4. Instrumentos de avaliación	35

1. Introducción

Este Plan de Orientación é unha programación anual, baseada nun coñecemento global do centro, e relacionada con todos os elementos do Proxecto Educativo do Centro (PEC), do cal parte, xa que a entendemos como unha parte intrínseca do proceso educativo, e non como un subsistema separado. Por iso é coherente cos principios e valores que promove o noso PEC, así como o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e o Plan de Convivencia (PC).

Na elaboración deste Plan tivemos en conta, ademais das necesidades do IES identificadas a través da análise do P.E. e doutros documentos do centro (como a Programación Xeral Anual-PXA, as Normas de Organización e Funcionamento-NOF, PC, Memoria do D.O. do curso pasado e Memoria Anual de Centro), as funcións, obxectivos e accións prioritarias propios da actividade orientadora, recollidos nas disposicións legais vixentes mencionadas e noutras referidas ao longo do Plan, como na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e accións prioritarias dos servizos de orientación educativa.

A redacción desta programación, que formará parte da PXA, correspóndenos como xefatura do D.O., sen embargo, esta responde a un traballo colaborativo e de reflexión de todo o equipo docente, a través das directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), e por extensión, de toda a comunidade educativa á cal se dirixe, tendo en conta os diversos axentes (alumnado, profesorado, familias, centros adscritos e contexto) a través dos diversos ámbitos de actuación: Plan de Acción Titorial (PAT), Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP), dando conta do carácter sistémico e global mencionado anteriormente.

Dende este punto de vista, este Plan Anual preséntase como unha guía de traballo, aberta e flexible, susceptible a modificacións e melloras a través do proceso de seguimento e avaliación continua do mesmo.

2. Xustificación baseada no contexto

2.1. Fundamentación teórica

“Os nenos e os xoves non son cidadáns do futuro, son xa cidadáns, capaces de provocar cambios na súa contorna”

Roser Batlle (2009).

Seguindo esta afirmación, podemos dicir que a educación das novas xeracións constitúe unha preocupación fundamental da sociedade, xa que é considerada o instrumento clave para o desenvolvemento de habilidades e competencias necesarias que permitan ao individuo participar de forma activa e responsable na mesma.

Asumindo o dereito de todas as persoas a unha participación efectiva na sociedade (RD lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social), o informe da UNESCO, Educación 2030 (Declaración de Incheon), recolle como obxectivo para o desenvolvemento sostible *“Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas e todos”*.

Neste marco, a **orientación educativa**, como parte do proceso educativo, constitúe unha ferramenta básica para garantir estes obxectivos de equidade e calidade, ao definirse como *“un proceso de axuda técnica e acompañamento, continuo e sistemático, dirixida a todas as persoas, en todos os seus aspectos, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento humano ao longo da vida, prestando especial importancia aos procesos de transición” (Álvarez e Bisquerra, 2012).*

Así, entendemos que é:

- Un dereito de todo o alumnado.
- Unha vía de personalización da educación, para a promoción de valores e desenvolvemento de habilidades e competencias para a vida.
- Unha actividade curricular, un proceso continuo que se oferta en todos os niveis educativos como factor de mellora da calidade da ensinanza.
- Unha actividade educativa que forma parte da función docente, e implica a

todas as persoas e institucións que participan no proceso educativo.

- Da resposta a tres grandes funcións: orientación escolar, vocacional e persoal (engadida por Sobrado Ocampo), dende as que atende ás peculiaridades do alumnado, capacitándoo para a súa autoorientación.

A necesidade de planificar, deseñar e estruturar este proceso, responde a unha visión sistémica e preventiva da nosa acción orientadora, por ese motivo, este Plan Anual de Orientación pretende vertebrar a práctica docente do Departamento de Orientación (DO), adaptando as directrices da lexislación á realidade do noso centro educativo, inmerso nun contexto e nunha realidade cambiante que caracterizan a comunidade na que imos desenvolver a nosa intervención. Así, entendemos este Plan coma un instrumento de planificación (principio de planificación Vidal e Manjón), desenvolvemento e avaliación da acción titorial, a intervención psicopedagóxica, e o asesoramento aos distintos membros da comunidade educativa, así como a coordinación dos mesmos con outros centros e institucións.

Nesta tarefa, será imprescindible a asunción de responsabilidades de cada un dos membros da comunidade educativa, e a coordinación dos esforzos de todos, co obxectivo de construír unha cultura colaborativa no noso centro que guíe a práctica educativa en xeral, e a acción orientadora en particular. Por iso, a intervención do DO desenvolverase a través de un modelo de programas, que responde aos principios de prevención, desenvolvemento e intervención social de Rodríguez Espinar, no que partindo da análise de necesidades existentes na nosa contorna, deseñaremos as actuacións preventivas que impliquen a toda a comunidade educativa, intervindo non só sobre o alumnado, senón tamén no contexto no que se desenvolve. Modelo que complementaremos co de consulta colaborativa ou asesoramento, a través dos diferentes niveis nos que se estrutura e organiza a orientación educativa: Acción Titorial, DO e Equipos de Orientación Específicos (EOE), dando lugar a un modelo mixto que comprenda os beneficios de cada un deles, e contrarreste as súas limitacións, dende o que se pretende ofrecer ao alumnado, profesorado e familias o asesoramento necesario ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

2.2. Fundamentación legal

O noso marco legal, desenvolto a partir da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 2/2020 de 29 de decembro (LOMLOE), sitúa entre os principios e fins da educación, no artigo no artigo 1e) *“A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade”* e no artigo 1f) *“A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”*. Así, a atención á diversidade establécese como un principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica, e a orientación educativa un medio para acadar o obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades.

Neste senso, o Título II, Equidade na educación, no seu Capítulo I, artigo 71, trata a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE), ao que define como *“aquele alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos no desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou da aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado de forma tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar”*. Así, coa atención educativa búscase que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado; establecendo un modelo de escola inclusiva e compensadora, garante da igualdade de oportunidades e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais.

Este modelo de escola é asumido tamén polos Decretos que regulan os currículos das diferentes etapas educativas, así como as ordes que os desenvolven. En concreto, en relación ás etapas que imparte o noso IES:

- Decreto 156/2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO

- DECRETO 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 22 de xuño de 2023 pola que se establecen medidas para a validación ou a exención de materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
- LO 3/2022, de 31 de marzo, de ordeación e integración da Formación Profesional.
- Decreto 114/2010, do 01 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

- DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galiza e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

Debemos facer referencia ao Decreto 229/2011 que regula a Atención á Diversidade na nosa Comunidade Autónoma, así como a Orde do 8 de setembro de 2021, que o desenvolve e que regula e ordea o marco no que debemos actuar para atender a diversidade de **todo** o alumnado do IES.

Cabe destacar tamén a labor que desempeñou a Consellería nos últimos anos coa publicación de **protocolos** que enmarcan o traballo educativo nas áreas de convivencia e de atención á diversidade, e que a xurisprudencia dos últimos anos coloca en rango **de obrigado cumprimento**.

Dentro deste proceso, é preciso subliñar o papel esencial que como orientadores educativos desenvolvemos nos procesos de apoio e asesoramento á comunidade educativa nos plans de innovación, como promotores da mellora educativa e de poñer en valor a capacidade de actuación de cada centro para acadar o cambio desexado (axentes de cambio e optimización dos recursos existentes).

Por outra banda cabe destacar o papel do proceso de orientación no desenvolvemento das competencias básicas establecidas como parte do currículo, no desenvolvemento da LOMLOE.

En relación á normativa máis concreta que regula a orientación, contamos co Decreto 324/1996 de 26 de xullo, de regulamento orgánico dos IES, que crea os DO nos centros de Educación Secundaria, regulado posteriormente polo Decreto 120/1998, polo que se establece a Orientación Académica e Profesional na nosa Comunidade Autónoma, e pola

Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve e que, ademais das nosas funcións, contempla a necesidade de recoller as distintas accións nun Plan de Orientación adaptado á realidade do centro no que se pretende levar a cabo.

2.3. Análise do contexto

2.3.1. Características da contorna e do centro

O noso centro denomínase **IES Pazo da Mercé**, é un centro de titularidade pública situado en As Neves, un municipio duns 3500 habitantes e unha densidade de poboación de 56,90 hab/km² ao sur da provincia de Pontevedra, pertencente á comarca vitícola do Condado e fronteiriza con Portugal. A porcentaxe de poboación inmigrante é de preto do 10%, a meirande parte, de procedencia portuguesa e francesa. A media de idade é dos 50 anos, sendo un total de 429 as persoas empadroadas menores de 18 anos. Existe certa tendencia á despoboación no concello. A nivel económico, a renda per cápita é similar á dos concellos fronteirizos. O nivel de desigualdade sitúase nun índice GINI do 28.60, lixeiramente por enriba do dato provincial e nunha ratio 80/20 de 2.2, inferior ao dato autonómico e estatal do no ano 2018 (último indicador dispoñible).

En relación aos **recursos do entorno** (externos) o municipio conta con varios servizos, entre os que destacamos: 1 CEIP, 2 escolas de educación infantil, 1 centro concertado de Formación Profesional, 1 escola de música municipal e unha Fundación que imparte ensinanzas profesionais de música, propios servizos do Concello (Servizos Sociais, Emprego e formación, centro de saúde), unha biblioteca, un auditorio, un centro social (no que se atopan os Servizos Sociais, a oficina de voluntariado e a de turismo), etc.

Oferta educativa: actualmente o noso centro, imparte: ESO e Bacharelato (modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais), FP Básica (Informática de oficina), FP de Grao Medio (CM Sistemas Microinformáticos e Redes) e un FP de Grao Superior (Desenvolvemento de aplicacións web).

Centros adscritos: o IES ten adscrito dous CEIP, un deles de forma compartida con outro IES. Contan con D.O. propio (un deles compartido), cos que desenvolvemos tarefas de

coordinación, intercambio e traspaso de información a través das reunións trimestrais. Estes centros son: CEIP Marquesa do Pazo da Mercé (adscrito na súa totalidade) e o CEIP Antonio Carpintero (que comparte adscrición co CPI da Cañiza).

A maior parte do alumnado do noso IES procede destes CEIP, se ben, tamén contamos con alumnado procedente doutros IES para iniciar os estudos de Formación Profesional.

Recursos Internos:

- Aulas destinadas aos distintos grupos.
- Aulas para as materias optativas e desdobres dos grupos.
- Taller de informática.
- 1 aulas de informática.
- Un ximnasio.
- Varios departamentos para os seminarios didácticos (incluído o D.O.).
- Despachos para equipo directivo.
- Cafetería.
- Unha aula de apoio.
- Unha sala de profesorado.
- Unha biblioteca
- Oficina de administración.
- Laboratorios, aula de música, aula de plástica e taller de tecnoloxía.
- Aula de usos múltiples.

Cabe salientar que as instalacións do centro están conformadas por dous edificios. No principal contamos coas oficinas de administración e desenvólvense as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e 1º bacharelato e no outro as ensinanzas de 2º Bacharelato, FP de grao básico, medio e superior.

No relativo á [estrutura orgánica](#), o centro conta cos órganos de goberno (unipersoais e colexiados) e de coordinación docente que establece a normativa vixente (Decreto 324/1996), así como outros órganos que se foron creando no marco da nova regulación lexislativa. Entre estes órganos, o [Departamento de Orientación](#) é un órgano de coordinación docente que pola variedade de funcións que cumpre no ámbito da

orientación académica, psicopedagóxica e profesional do centro, está composto por diferentes profesionais (Decreto 120/1998):

- Orientadora (da especialidade de ...). Exerce a Xefatura do Departamento: María del Pilar Suárez Carrera, como titular da praza (de baixa no inicio do curso e substituída por Irene Fariña Lamosa, da especialidade de Psicoloxía).
- Profesora da especialidade de Pedagogía Terapéutica: Sandra Gil Álvarez, con redución de xornada de 1/3 que é completada por Elena Graña Rodríguez, con contrato de media xornada.
- Titora do ámbito Científico-Tecnolóxico: Sandra Gómez Queipo, que tamén exerce a xefatura de estudos.
- Titora do ámbito Lingüístico-Social: Cristina Mato Fresan.
- Profesor/a de FOL: María de los Ángeles Fernández Gómez.
- Xefes/as dos D.O. dos centros adscritos:
 - CEIP Marquesa do Pazo da Mercé: Ánxela Jurschik Rodríguez.
 - CEIP Antonio Carpintero: Manuel Martínez Alonso, compartido co CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro e con horario no noso centro adscrito os luns, martes (a partires das 12:30), xoves e venres.

En relación á organización do D.O. é preciso ter en conta que:

- A orientadora ten dedicación a tempo completo ao mesmo.
- Os/as orientadores/as dos centros adscritos acoden ao IES a unha reunión trimestral, ademais dos contactos telefónicos e as reunións que sexa preciso manter para a necesaria coordinación entre os centros.
- As reunións do DO terán unha frecuencia semanal (profesoras especialistas e orientadora), mensual (demais membros do departamento no centro) e trimestral (cos centros adscritos).
- Con respecto á atención individualizada ó alumnado:
 - A orientadora adicará 5 horas semanais, ás primeiras horas da mañán para a realización das avaliacións psicopedagóxicas que sexan demandadas polo

profesorado titor ou as familias, seguindo os procedementos para a súa solicitude, así como para a realización dos informes psicopedagóxicos ou escolares que sexa pertinente realizar.

- Os recreos serán utilizados pola orientadora para a atención ó alumnado que así o requira durante o curso, que tamén poderá ser derivado en horario lectivo polo profesorado titor ou o equipo directivo.
- As reunións semanais da orientadora e o profesorado especialista de PT co profesorado titor dos diferentes niveis educativos (ESO e FPB), nas que se prestará apoio e asesoramento en temas relacionados coa coordinación da acción tutorial, da atención á diversidade e da orientación académica e profesional.
- O departamento cumpre as funcións establecidas no Artigo 5 da Orde de 24 de xullo de 1998.
- En canto aos recursos materiais do departamento, contamos cun despacho de orientación onde está instalada a orientadora para o exercicio das súas funcións.
- No despacho de orientación hai un ordenador, impresora, arquivo, destrutora de papel e bibliografía básica adquirida ata o momento co orzamento asignado ó Departamento. Tamén dispoñemos de teléfono independente e dun mobiliario básico.
- Entre as baterías de test adquiridas ata o de agora atópanse probas para avaliar a personalidade, a intelixencia, probas de aptitudes académicas, etc.
- Contamos tamén cun aula de Pedagogía Terapéutica onde se concentran os recursos a empregar no apoio ao alumnado con necesidades educativas e que conta ademais co "Recuncho da calma".

Outros aspectos de interese para este plan no relativo ó funcionamento do centro son:

- Está en fase de constitución un grupo de dinamización da convivencia e do benestar emocional, que complementa a tarefa da comisión de convivencia, e

profesorado formado inicialmente en prácticas restaurativas.

- O centro desenvolve, ademais, os seguintes plans, programas e/ou proxectos:
 - Proxecto ABALAR.
 - Contratos-programa.
 - E-Dixgal.

2.3.2. Características da comunidade educativa

Alumnado: o centro conta con 127 alumnos/as na ESO, 47 alumnos/as no Bacharelato, 16 alumnos/as en FP Básica, 54 no Ciclo Medio e 39 alumnos/as no CS, o que fan un total de 283 alumnos/as repartidos/as en 12 cursos e 17 unidades.

1º ESO (4 gr.)	2º ESO (5 gr.)	3º ESO (4 gr.)	4º ESO (4 gr.)
26 alumnos/as	33 alumnos/as	34 alumnos/as	33 alumnos/as
1º BAC (2 gr.)	2º BAC (2 gr.)	1º FPB (1 gr.)	2º FPB (1 gr.)
30 alumnos/as	17 alumnos/as	8 alumnos/as	8 alumnos/as
1º CM (1 gr.)	2º CM (1 gr.)	1º CS (1 gr.)	2º CS (1 gr.)
26 alumnos/as	29 alumnos/as	20 alumnos/as	19 alumnos/as

Profesorado: o claustro de profesores está formado por 42 profesores/as, dos cales 27 teñen praza definitiva no centro, o que supón unha porcentaxe de 64,29% de profesorado definitivo no centro.

Familias: Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) baixo, coa presenza de familias inmigrantes, con culturas e linguas diversas. Ata este curso o centro no contaba coa creación dunha ANPA, algo que resulta fortemente indicativo da baixa participación das familias na vida do centro. Neste momento do curso, a ANPA está en proceso de formación.

Persoal de administración e servizos: 1 auxiliar administrativa, 2 conserxes, 1 Auxiliar Técnico Educativo (ATE), e 2 persoas para a limpeza e desinfección.

3. Identificación e análise de necesidades:

Tendo en conta a memoria do Departamento de Orientación do curso anterior e a

memoria de centro, as directrices da CCP, a información aportada por diversos axentes da comunidade (aportada a través de entrevistas, reunións formais ou informais, cuestionarios, observación, revisión de informes,...), extráense as seguintes **necesidades prioritarias** para este curso académico:

3.1. Necesidades en relación co alumnado

O alumnado co que contamos no Centro presenta características relacionadas ao nivel socioeconómico e cultural das familias, que se manteñen similares todos os anos. É obvio que se trata dun alumnado moi diverso, con intereses e actitudes moi diferentes.

Por outra banda é fundamental ter presente o momento evolutivo que atravesan, a adolescencia, durante o cal experimentan profundos cambios, especialmente no ámbito fisiolóxico, intelectual e afectivo, que inciden na elaboración da súa identidade e autoconcepto, nas súas relacións interpersoais e formas de pensamento.

A estas necesidades propias da diversidade do alumnado e do período evolutivo que están a vivir, engádense as provocadas pola crise sanitaria que vimos de pasar e que provocou un deterioro na saúde emocional, sobre todo na adolescencia e nos sectores máis vulnerables.

Necesidades prioritarias relacionadas co alumnado:

- Necesidade de promover comportamentos que melloren o clima de convivencia no centro.
- Necesidade de previr condutas contrarias á convivencia no centro.
- Necesidade de traballar a igualdade entre homes e mulleres e previr a violencia de xénero.
- Necesidade de aprender a traballar de forma cooperativa.
- Necesidade de previr comportamentos de risco (cara un/unha mesmo/a ou cara aos demais) con ou sen substancias.
- Necesidade de traballar a orientación académica e profesional.
- Necesidade de favorecer o desenvolvemento das funcións executivas e das estratexias metacognitivas para a mellora competencial do noso alumnado.
- Necesidade de apoiar a formación dun autoconcepto positivo nas alumnas e alumnos,

promotor dunha sensación de autoeficacia e dunha autoestima favorecedora para o seu desenvolvemento e para os procesos de ensino e de aprendizaxe.

- Necesidade de adaptar a nosa resposta educativa ás diferenzas de intereses, de personalidade, de aptitudes e de ritmos de aprendizaxe de todo o noso alumnado, mediante estratexias de inclusión, de equidade e de normalización de todo tipo de diversidade.

Medios cos que contamos para dar resposta ás necesidades prioritarias do alumnado:

Humanos: Contamos cos seguintes recursos a nivel humano:

- Profesorado titor a través do PAT, con reunións coa semanais xefatura do DO.
- Unha profesora do ámbito científico.
- Unha profesora do ámbito lingüístico.
- Unha profesora de FOL.
- Dúas profesoras especialistas de Pedagogía terapéutica.
- Unha auxiliar técnica educativa.
- Persoal non docente (2 conserxes, 1 persoas de limpeza, 1 administrativa).
- Unha orientadora.

Organizativos:

- Os diferentes Plans en vigor no centro (PAT, PXAD).
- Os equipos de traballo en activo no centro (Equipo E-dixgal, Equipo de dinamización da convivencia escolar, Dinamización de programas internacionais Erasmus, Equipo de Biblioteca escolar, equipo de dinamización da lingua galega, equipo de sección bilingüe na FP e equipo de alerta escolar).
- Cursos na aula virtual.
- Apoio educativo proporcionado polas mestras de Pedagogía terapéutica.
- Adaptacións curriculares significativas.
- Programa de Diversificación Curricular en 3º ESO.
- Desdobramentos en 3º ESO A.

Materiais: Ademais dos recursos cos que contamos (que xa foron indicados), este curso

solicitamos por medio dos Contratos-programa recursos para a posta en práctica un CP-Convíve-T, CP-Iguála-T, CP- Inclúe-T e CP-Emociona-T, cos que agardamos poder mellorar o clima de convivencia no centro e a atención á diversidade do noso alumnado.

3.2. Necesidades en relación co profesorado

Necesidades prioritarias relacionadas co profesorado:

- Necesidade de acollida do novo profesorado do centro explicando o funcionamento do Departamento de Orientación e dos aspectos organizativos do centro.
- Necesidade de dotar de recursos para o levar a cabo o PAT por parte do profesorado.
- Necesidade de asesoramento e de recursos para a atención á diversidade do alumnado.
- Necesidade de recursos para levar a cabo a orientación académica e profesional.

Medios cos que contamos para dar resposta ás necesidades prioritarias do profesorado:

- Reunións de claustro, CCP, participación nos foros da aula virtual, entrevistas coas profesoras especialistas e outros membros do departamento de orientación.
- Reunións coas titorías de nivel e profesorado que precise asesoramento, apoio ou recursos.
- Posta a disposición do curso "Equipos docentes" dende o que coordinar a acción titorial e orientadora.
- Acceso libre a unha web na que se poden descargar materiais para o seu traballo nas titorías: www.atrote.com
- [Curso na aula virtual](#) con acceso a presentacións sobre os diferentes protocolos de atención á diversidade:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce/aulavirtual/course/view.php?id=947>
- [Presentación do sistema educativo 2023-2024:](#)
<https://view.genial.ly/64f97582a54c420019268029/presentation-oap23-24>

3.3. Necesidades en relación coas familias

A diversidade das familias do centro é elevada. En xeral trátase de familias preocupadas pola educación dos seus fillos e fillas, pero coexisten no centro con outras familias sen recursos persoais, económicos e de familia extensa para unha boa educación na casa.

Este curso coexisten nos grupos con alumnado de maiores dificultades para a aprendizaxe, aqueles que non poden e que contan con apoio familiar cos que non contan con ese apoio e que teñen comportamentos máis disruptivos.

Necesidades prioritarias relacionadas coas familias:

- Necesidade de transmitir confianza no centro educativo.
- Necesidade de continuar cos contidos do Plan de acción tutorial na casa.
- Necesidade de que comprendan e transmitan aos seus fillos e fillas o respecto e o valor por todo tipo de diversidade.
- Necesidade de que utilicen na casa un estilo educativo baseado na disciplina positiva.

Medios cos que contamos para dar resposta ás necesidades prioritarias das familias:

Ademais dos recursos do centro, contamos con:

- Profesionais dos Servizos Sociais do concello.

3.4. Necesidades en relación ao conxunto do centro:

- Faise necesaria a continuación do traballo na mellora do clima de convivencia do centro, desenvolver as competencias emocionais, impulsar a cultura colaborativa entre os diferentes membros da comunidade educativa, e introducir a perspectiva de xénero en todas as accións educativas.
- Percíbese a necesidade de seguir traballando a prol dunha escola inclusiva, posto que aínda existen barreiras que superar, como maior flexibilidade e adaptación das concrecións curriculares.
- Segue a resultar dificultoso que o traballo orientador se integre a nivel curricular nas áreas que se desenvolven nos niveis educativos do noso IES. A orientación segue a ser percibida como unha función específica responsabilidade do orientador, cando o marco de actuacións dos departamentos de orientación proposto na lexislación é o de asesoramento colaborativo, mediante o apoio, o asesoramento e a facilitación de recursos.

3.5. Necesidades en relación aos centros adscritos:

Será preciso establecer criterios orientadores comúns que doten de continuidade e

coherencia ao proceso de desenvolvemento do alumnado, facéndose necesario consensualos.

3.6. Necesidades en relación ao contexto:

Implementar metodoloxías de Aprendizaxe-Servizo, que promovan a participación do alumnado na vida do concello e da contorna.

4. Obxectivos

Como é lóxico, as necesidades detectadas son moi numerosas e atinxen a diferentes membros da comunidade e a diferentes ámbitos de traballo, polo que nos vemos na obriga de establecer uns criterios de priorización, seguindo a Circular 10/2010, para dar preferencia a aquelas demandas que a lexislación nos recomenda atender de xeito máis inmediato, sen que isto supoña desatender aquelas que, por impacto, frecuencia ou relevancia poidan ser tamén respondidas durante este curso. Dada a natureza das necesidades educativas e o seu carácter relativo, interactivo e dinámico, este apartado está suxeito a variacións, o que debe ser tido en conta desde unha perspectiva flexible do traballo da orientación, por este motivo, e para este curso académico, o DO propónse os seguintes obxectivos:

Obxectivos xerais

- Contribuir á personalización do proceso educativo.
- Favorecer os procesos de maduración persoal, desenvolvemento da propia identidade e do sistema de valores.
- Optimizar o rendemento dos procesos educativos mediante o asesoramento ó alumnado e ó profesorado ó longo de toda a escolarización e no tránsito á vida activa.
- Fomentar adecuadas interaccións entre a comunidade educativa.

Obxectivos específicos

Obxectivos específicos con respecto ó centro e ó profesorado:

- Desenvolver estratexias que favorezan e fomenten o traballo en equipo dende accións prioritarias como: prevención do fracaso escolar, mellora da convivencia e integración do alumnado, transición a estudos superiores...
- Fomentar a elaboración de propostas na CCP que dinamicen o seu funcionamento, así como participar na elaboración/revisión dos protocolos do centro.
- Asesorar e informar sobre as medidas de atención á diversidade que se desenvolvan.
- Facilitar a tarefa do profesorado titor, proporcionándolles información, recursos e

asesoramento.

- Asesorar ó profesorado na aprendizaxe e avaliación por competencias.
- Favorecer as relacións entre o profesorado da aula ordinaria e o profesorado que exerce apoios, mediante a definición de obxectivos comúns, delimitación de responsabilidades e a planificación conxunta da avaliación.
- Dotar ao profesorado de técnicas de comunicación asertiva para as comunicacións coas familias.
- Acoller ao novo alumnado, profesorado e familias e favorecer a súa inclusión e participación.

Obxectivos específicos con respecto ó alumnado

- Apoiar o desenvolvemento das funcións executivas e das estratexias metacognitivas no alumnado.
- Apoiar os procesos de regulación e xestión emocional necesarios para a convivencia e a aprendizaxe.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias.
- Potenciar o autoconceito e a autoconfianza no alumnado.
- Favorecer o desenvolvemento de valores persoais (respecto, solidariedade...).
- Fomentar o coñecemento e o uso das habilidades sociais que favorezan a inclusión e a convivencia no centro educativo.
- Apoiar o desenvolvemento da responsabilidade persoal e da autonomía.
- Apoiar o desenvolvemento no alumnado da súa capacidade para toma decisións informadas e de forma autónoma.
- Informar e orientar vocacional, académica e profesionalmente ó alumnado.
- Apoiar o desenvolvemento de estratexias para a análise da información.

Obxectivos específicos con respecto ás familias

- Cooperar na relación centro-familias na resolución de problemas que afecten ó alumnado.
- Implicar as familias no desenvolvemento dos programas e actividades previstas no PAT.
- Asesorar as familias en pautas e técnicas educativas baseadas na disciplina positiva.
- Implicar as familias no proceso de ensino-aprendizaxe das súas fillas e fillos.
- Fomentar nas familias o respecto e o valor polas diferenzas de calquera índole.

Obxectivos específicos con respecto ós centros adscritos

- Establecer accións favorecedoras e progresivas do tránsito dun centro ao outro que garantan unha boa integración do alumnado no novo centro e na etapa.
- Potenciar a comunicación entre os centros, para a unificación de aspectos recollidos nas programacións (obxectivos mínimos, transversalidade, etc.).
- Potenciar a comunicación entre os centros, para a unificación de aspectos relativos ao proceso de orientación vocacional do alumnado.

Obxectivos específicos con respecto ó contexto:

- Colaborar cos servizos e institucións da contorna na elaboración e desenvolvemento de programas preventivos, e de desenvolvemento social e persoal.
- Realizar intervencións coordinadas cos Departamentos de Benestar Social dos

concellos para ofrecer unha resposta unificada ás familias con menores en risco de exclusión social.

- Colaborar en diversas accións encamiñadas a favorecer a inclusión do alumnado no entorno sociocultural da zona.
- Desenvolver un traballo de orientación en rede, implicando aos servizos municipais, así como aos axentes educativos doutros centros da contorna, e optimizar e aproveitar os recursos locais que poidan servir de axuda na orientación académica e profesional.

5. Planificación xeral e definición das actuacións prioritarias.

5.1. Accións prioritarias de carácter xeral:

Accións	Responsables	Temporalización
Presentación á CCP do Plan anual e das actividades e intervención propostas, así como das modificacións do PAT e do POAP e a concreción anual do PXAD.	Xefatura DO	Inicio do curso
Elaboración do Plan Anual do DO e da memoria final.	Xefatura DO	Inicio/Fin curso
Posta en marcha e uso da Aula Virtual de orientación.	Xefatura DO	Todo o curso
Accións de asesoramento personalizado a alumnado, profesorado e familias.	Xefatura DO	Todo o curso
Elaboración/adquisición de material que facilite a realización das tarefas orientadoras.	Xefatura DO	Todo o curso
Actualización dos rexistros acumulativos e elaboración dos rexistros do novo alumnado	Xefatura DO	Todo o curso
Revisión e actualización do inventario do material do Departamento de Orientación	Xefatura DO	Outubro
Aportación, en forma e prazo, da información que se demanda na aplicación drdOrientada e na drdAdi.	Xefatura DO	
Deseño e coordinación dos programas en colaboración co profesorado titor.	Xefatura DO	Todo o curso
Participación nos distintos plans, programas e proxectos que se desenvolven no centro para contribuír ós obxectivos deste Plan.	DO	Todo o curso

5.2. Accións no ámbito da acción tutorial:

*Agasalla a unha persoa cun peixe e daraslle alimento por un día,
ensínaa pescar e alimentarala o que lle queda de vida.
(Provervio chinés)*

5.2.1. Marco legislativo

O [artigo 91 da LOE](#), sinala como funcións do profesorado, entre outras, “a titoría dos alumnos, a dirección e orientación da súa aprendizaxe” e “a orientación educativa, académica e profesional dos alumnos en colaboración con departamentos especializados”.

A [Orde do 24 de xullo de 1998](#) establece dentro das funcións do DO a de colaborar na elaboración do PAT, formulando propostas xunto cos docentes e a xefatura de estudos (seguindo as directrices da CCP).

En canto ao [apoio á acción tutorial](#), e sempre tendo en conta a autonomía dos titores/as, o DO se propón colaborar cos mesmos facilitando as funcións que lles son asignadas normativamente pola [Orde do 1 de agosto de 1997](#), entre outras:

- Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación.
- Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo e nas actividades do centro.
- Orientar e asesorar ao alumnado sobre posibilidades académicas e profesionais.
- Facilita-la cooperación educativa entre profesores/as e familias do alumnado.

5.2.2. Obxectivos que se perseguen co PAT

Obxectivos xerais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Optimizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. ▪ Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado. ▪ Coordinar a actividade docente. ▪ Favorecer a participación das familias no centro.
Obxectivos específicos	<p>Obxectivos específicos con respecto ó alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorecer a integración no centro, na etapa e no grupo-clase. ▪ Propiciar o desenvolvemento da identidade persoal e social. ▪ Favorecer un autoconceito e autoestima positivos. ▪ Favorecer o enriquecemento lingüístico e cultural. ▪ Detectar posibles dificultades de aprendizaxe. ▪ Articular respostas educativas adecuadas ás súas necesidades. <p>Obxectivos específicos con respecto ó profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliar a propia actividade docente, así como as actividades e recursos. ▪ Impulsar a participación activa nas actividades escolares e

extraescolares.

- Programar conxuntamente determinados aspectos referidos á convivencia e á prevención de hábitos non saudables.
- Intercambiar información periódicamente sobre o alumnado.
- Coordinar conxuntamente metodoloxías e avaliacións.

Obxectivos específicos con respecto ás familias:

- Favorecer a relación de nais e pais co centro.
- Coñecer o contexto familiar do alumnado.
- Informar ás familias de todo o relativo ao proceso educativo dos seus fillos/as.
- Implicar a pais e nais en actividades que reforcen o plan de acción tutorial.
- Informar ás familias das saídas educativas e profesionais.

5.2.3. Accións prioritarias no ámbito da acción tutorial:

Accións	Temporalización
Facilitación de recursos para as sesións de titoría.	Todo o curso
Elaboración/recompilación de materiais que faciliten a acción tutorial	Todo o curso
Información ao profesorado titor dos datos imprescindibles para a titorización do alumnado.	Todo o curso
Actividades de coñecemento dos dereitos e obrigas por parte do alumnado.	Set-Out
Elaboración de cuestionarios de avaliación dos programas levados a cabo.	Todo o curso
Organización de obradoiros con axentes externos sobre temas de interese.	Set-Out
Coordinación da acción tutorial a través de reunións co profesorado titor.	Todo o curso
Apoio na identificación de necesidades e no establecemento de plans de intervención.	Out
Facilitación de recursos para a detección de dificultades específicas do alumnado (mediante detectores contidos nos protocolos e de acceso na aula virtual).	Primeiro trimestre
Apoiar e dotar de recursos para a comunicación e a implicación das familias.	Todo o curso

5.2.4. Planificación das sesións de tutoría:

Nos grupos de ESO e FPB, con materiais adaptados á súa idade, traballaranse os seguintes contidos coa seguinte temporalización:

Outubro	Sesións para acadar un liderado positivo na elección do delegado/a da clase
Novembro	Sesións para a prevención da violencia de Xénero 25N: Día internacional da eliminación da violencia contra a muller
Decembro	Sesións para a xestión emocional e a competencia social 10D: Día internacional dos dereitos humanos
Xaneiro	Sesións para a aprendizaxe da resolución pacífica dos conflitos 30X: Día da paz e da non violencia
Febreiro	Sesións sobre Igualdade: estereotipos e roles de xénero.
Marzo	8M: Día da muller traballadora Sesións para o autoconecemento e o autoconcepto
Abril	Sesións para desenvolver a competencia de aprender a aprender
Maio	Sesións para o coñecemento da nosa contorna e da nosa cultura 17M: Día das letras galegas
Xuño	Sesións para o control da ansiedade

Nos grupos de Bacharelato, dado que non dispoñen de hora para a tutoría, achegaranse materiais para traballar nas diferentes materias os aspectos tratados nos demais cursos, coa mesma temporalización, mediante comentarios de texto, análise de resultados de enquisas ou calquera outro material que sirva para desenvolver a súa competencia en conciencia social e cívica e a competencia de aprender a aprender.

5.2.5. Planificación das sesións coas familias:

Ademais das entrevistas individualizadas, para o que contamos con horario, buscarase a implementación de escolas de familias que favorezan o exercicio dun estilo educacional positivo e promotor do desenvolvemento óptimo e seguro do noso alumnado.

As temáticas e as súas temporalizacións, dacordo con PAT do centro son as seguintes:

Outubro	Disciplina positiva para unha autonomía responsable na adolescencia.
Novembro	Factores protectores para a prevención da violencia de xénero.

o	
Decembro	Pautas de disciplina positiva para a xestión emocional e a competencia social.
Xaneiro	Pautas de disciplina positiva para a resolución pacífica de conflitos.
Febreiro	Análise crítica dos estereotipos e os roles de xénero
Marzo	Como favorecer dende a casa a construción da propia identidade.
Abril	Como dar apoio escolar na casa para fomentar a autonomía responsable.
Maio	O noso árbol xenealóxico e a nosa identidade cultural.
Xuño	As cualificacións din o que saben, non o que son.

5.3. Accións no ámbito da atención á diversidade

*A unidade é a variedade,
e a variedade na unidade é a lei suprema do universo.
(Isaac Newton)*

5.3.1. Marco lexislativo

A atención á diversidade é un dos principios que a **LOMLOE** recolle reiteradamente ó longo do seu articulado, dende o propio Preámbulo ata o último dos títulos, pasando pola ordenación das distintas etapas: *“o recoñecemento do talento de todo o alumnado e da diversidade”*; *“flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado”* (principios educativos); *“organización da ESO de acordo ós principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado, correspondendo ás Administracións educativas regular as medidas de atención á diversidade organizativas e curriculares”* (principios xerais da ESO); *“identificación e valoración temperá das necesidades”* (art. 74). Neste ámbito atenderemos aos principios de inclusión, de equidade e de normalización de todo tipo de diversidade.

Os obxectivos e demais consideracións pódense consultar na concreción do PXAD, que forma parte da Programación Xeral Anual, aquí deixamos as actuacións que en materia de diversidade consideramos prioritarias para levar a cabo na nosa comunidade educativa, xunto con aquelas outras que se regulan na Orde do 8 de outubro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, de atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

5.3.2. Actuacións prioritarias no ámbito da atención á diversidade:

Accións	Temporalización
Relacionadas co alumnado:	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisión, e modificación ou actualización se procede, das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta neae (RE, AC...). 	Set-Outubro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento individualizado a este alumnado. 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realización das avaliacións psicopedagóxicas necesarias e dos conseguintes Informes Psicopedagóxicos ou ditames de escolarización cando proceda. 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento e elaboración de informes para a tramitación de bolsas de necesidades específicas de apoio educativo. 	Ata 4 Out.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento, apoio e facilitación de recursos para a elaboración das Adaptacións Curriculares (AC) ao alumnado que o precise. 	Ata 30 Nov. de forma ordinaria
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Solicitud de agrupamentos flexibles e incorporación do alumnado 	Set. A solicitude e todo o curso a incorporación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización da docencia do profesorado especialista en PT 	Set.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programas de intervención PT 	Set-Out
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Solicitud de flexibilización por ampliación 	Set-Out
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Solicitudes de flexibilización por redución na ESO 	Marzo
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Solicitudes de flexibilización por ampliación en ESO e BAC 	Xuño
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Solicitudes de flexibilización por redución en BAC 	Xuño
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento e facilitación de recursos para realizar os informes de reforzo 	Maio-Xuño
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realización dos informes individualizados de apoio (PT) 	Xuño
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realización da memoria final PT 	Xuño
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realización das propostas provisionais para a incorporación ao PDC, das avaliacións psicopedagóxicas e da proposta definitiva. 	Xuño
Relacionadas co profesorado:	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento na selección de recursos e estratexias metodolóxicas acordadas coas diferenzas individuais do alumnado. 	Todo o curso

<ul style="list-style-type: none"> Asesoramento na diversificación de estratexias, actividades e instrumentos de avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, tendo especialmente en conta as pautas incluídas nos protocolos. 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> Colaboración co profesorado na detección das necesidades educativas e no deseño e desenvolvemento das respostas educativas axeitadas 	Todo o curso
Relacionadas coas familias:	
<ul style="list-style-type: none"> Asesoramento, xeral e individualizado, ás familias no relativo o proceso educativo dos seus fillos/as. 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> Información permanente ás familias sobre a evolución e rendemento académico dos seus fillos, e posibles alternativas. 	Todo o curso
Relacionadas co centro:	
<ul style="list-style-type: none"> Elaboración da concreción anual do PXAD . 	Set.
<ul style="list-style-type: none"> Realización da proposta de atención educativa ao acnear á Xefatura de Estudos, de acordo aos criterios establecidos no PXAD, coa participación da persoa titora e das PT, determinando tempos e modalidades de apoio. 	Set
<ul style="list-style-type: none"> Asesoramento técnico aos Departamentos Didácticos, a través da CCP, na adaptación das Concrecións Curriculares e Programacións Didácticas, a través do deseño universal de aprendizaxe, planificación multinivel, etc. 	Set-Out
<ul style="list-style-type: none"> Participación, xunto á Xefatura de Estudos e o equipo docente da ESO na elección das medidas de atención á diversidade ordinarias ou extraordinarias a ofrecer a cada alumno/a daccordo ás súas necesidades. 	Set-Out
<ul style="list-style-type: none"> Participación na proposta de alumnado candidato a cursar FPB e elaboración de informes. 	Xuño
Relacionadas cos centros adscritos:	
<ul style="list-style-type: none"> Comunicación e asesoramento á CCP sobre as necesidades identificadas polos centros adscritos, para unha axeitada coordinación entre as etapas. 	Todo o curso
Relacionadas á contorna:	
<ul style="list-style-type: none"> Solicitud de colaboración cos servizos sanitarios e sociais do Concello, no seguimento daquel alumnado que presente problemas de saúde ou dificultades problemáticas socioculturais e/ou económicas, ou de violencia de xénero. 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> Solicitud de colaboración aos servizos de saúde para a formación 	Set-Out.

do equipo docente e PAS do centro, para a atención en situacións de emerxencia ao alumnado con enfermidade crónica.	
---	--

5.4. Accións no ámbito da orientación académica e profesional:

*Ri coa confusión,
porque é sinal de que son varios os camiños que podes escoller.
(Ovidio)*

5.4.1. Marco lexislativo

Ó igual que a titoría, a orientación educativa e profesional do alumnado está presente como principio ó longo do texto da LOMLOE constituíndo un referente esencial na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, onde *“se prestará especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado”* (art.22.3) ó igual que no Bacharelato que ten, entre as súas finalidades, *“a incorporación á vida activa con responsabilidade e competencia”* (art. 32.1).

5.4.2. Obxectivos no ámbito da orientación académica e profesional:

Obxectivos xerais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Propiciar o autoconecemento do alumnado. ▪ Favorecer a toma de decisións reflexivas e a elección vocacional. ▪ Informar das posibles opcións ao alumnado e ás familias. ▪ Favorecer a transición á vida activa e laboral.
--------------------------	--

5.4.3. Actuacións prioritarias no ámbito da orientación académica e profesional:

Actuacións	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemento de intereses e preferencias do alumnado a través de cuestionarios e entrevistas. 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento sobre optativas en 2º, 3º e 4º ESO 	3º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento sobre modalidades de bacharelato e ciclos de grao medio ao alumnado de 4º ESO e de 2º de FPB. 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración e difusión de información sobre o acceso ao sistema universitario galego (SUG) para o alumnado de bacharelato. 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Información sobre bolsas de estudos, residencias universitarias e centros residenciais docentes. 	3º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Difusión de información e documentación sobre as probas de acceso a ciclos de grao medio e grao superior. 	1º-2º Trimestre

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización de charlas informativas a través doutros axentes educativos ou da contorna profesional. ▪ Organización de visitas presenciais e/ou virtuais aos campus universitarios do SUG. ▪ Programa de toma de decisións vocacionais para 4º de ESO e 1º Bac 	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>2º-3º Trimestre</p>
--	--

5.5. Accións no ámbito do apoio ó proceso de ensino e de aprendizaxe

5.5.1. Marco lexislativo

A LOE sinala, no Título II de Equidade na Educación, como alumnado con necesidade específica de apoio educativo a: alumnos/as con necesidades educativas especiais debido a condicións de discapacidade ou trastornos graves de conduta; alumnado con dificultades de aprendizaxe, de incorporación tardía ao sistema educativo, alumnado con sobredotación intelectual e con condicións persoais ou de historia escolar.

Neste ámbito teremos en conta a atención diversidade, como un dos principios fundamentais no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe no actual sistema, entendida segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no seu artigo 3º como o *conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.*

5.5.2. Obxectivos no ámbito do apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe do acneae

Obxectivos xerais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fomentar a autonomía responsable cara os procesos de ensino e aprendizaxe. ▪ Apoiar o desenvolvemento das funcións executivas e das estratexias metacognitivas. ▪ Ofrecer recursos para a coordinación da labor titorial de todo o profesorado. ▪ Facilitar a comunicación entre o centro e as familias. ▪ Previr o fracaso escolar e o abandono escolar temperá. ▪ Aumentar a sensación de autoeficacia coas tarefas. ▪ Favorecer un estilo atribucional interno e inestable.
--------------------------	--

6. Estratexias de intervención

As actuacións terán un carácter sistémico e incluírán a todos os colectivos e persoas que poidan estar incidindo no proceso educativo. Agora ben, isto non implica que non haxa ocasións nas que se requira unha atención individualizada tanto con profesores/as como con pais/nais e alumnos/as.

Esperamos que se desenvolvan nun ambiente de colaboración e participación.

Pautas xerais de intervención:

- A totalidade do equipo educativo, e non só o profesor/a titor/a, é responsable de apoiar ao alumnado no seu desenvolvemento, orientación e aprendizaxe.
- Corresponde á Xefatura de estudos a coordinación e dirección das actividades de orientación e tutoría en colaboración co Departamento de Orientación.
- DO apoia e colabora co profesorado titor no seu desempeño.
- A planificación das actividades orientadoras establecidas neste Plan vén ser unha concreción para o presente curso do recollido no PAT e no POAP. Esta planificación terá un carácter adaptable, sendo susceptible de cambios en función das necesidades que vaian xurdindo.
- Considérase a implicación das familias un elemento fundamental na acción educativa, contemplándose actividades dirixidas ás mesmas na planificación.
- Nas actuacións co alumnado teremos en conta principios educativos fundamentais como: construtividade, significatividade, interactividade, inclusión e mediación.

As estratexias que presentamos a continuación pretenden clarificar os mecanismos de desenvolvemento dos programas de intervención presentados no Plan:

- Establécese unha reunión de traballo semanal cos/as titores/as, para unificar criterios, recibir o material necesario, facer un seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, tomar acordos...
- A maioría das actividades deseñadas se desenvolven no grupo-clase, non obstante haberá actividades a nivel de centro e actuacións a nivel individual.
- Será a persoa titora o que desenvolva as actividades a nivel de aula na maior parte destas, aínda que a orientadora participará cando sexa oportuno e tamén haberá actuacións de axentes externos especializados.

- No caso do Bacharelato non hai hora de titoría presencial, co que as actividades se traballarán a través das distintas materias dun xeito transversal e a través de actividades complementarias e extraescolares. Establécense os recreos para atender ao alumnado de BAC nas súas necesidades individuais, independentemente das actividades que se organicen da carácter grupal, así como unha dirección de correo electrónico para dúbidas de carácter persoal e/ou para solicitaren cita.
- As intervencións individualizadas do D.O. desenvolveranse de acordo co seguinte procedemento xeral:
 - Recepción da demanda: as demandas de intervención do D.O. concretarase por escrito a través dos protocolos de derivación deseñados a tal fin; o demandante debe proporcionar a maior cantidade de información posible respecto ao tema en cuestión.
 - D.O. estudará a demanda, valorando a coherencia e contrastando a petición con outros axentes educativos implicados.
 - A devolución de resposta por parte do D.O. producirase en entrevista co demandante, onde concretarase, por acordo: responsabilidades de cada axente educativo na avaliación inicial que sexa precisa e no tratamento das necesidades educativas que poidan detectarse.
 - Unha vez definidas as responsabilidades, a intervención psicopedagóxica ou orientadora realizarase a través das seguintes fases: avaliación das necesidades educativas, deseño do programa de intervención, implementación do programa de actividades, avaliación e seguimento. Teranse en conta as indicacións aportadas polos protocolos publicados pola Consellería, e adaptados ao centro.
 - Ao finalizar a intervención levarase a cabo a avaliación da mesma, recollendo as conclusións por escrito, para orientar intervencións posteriores do mesmo tipo.

7. Temporalización

O desenvolvemento do presente Plan de orientación está previsto para un curso

académico. Para as diferentes actividades se establece xa unha temporalización propia e atenderemos as diferentes demandas de forma flexible durante o curso, contando cos seguintes horarios e planificación:

Horario da orientadora do centro:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª	GARDA	XDO	DO		GARDA
2ª	DO	DO	At. familias	DO	DO
3ª	R. Orientación	DO	DO	DO	DO
R1					
4ª	R.Tit. 3º ESO	DO	DO	DO	R. Tit. 2º ESO
5ª		R. Tit. FPB	R. Tit. 1º ESO	R. Tit. 4º ESO	DO
R2					
6ª					
7ª					

Horario da especialista PT con xornada 2/3:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª					
2ª		1º FPB	2º ESO B	4º ESO A	
3ª	R. Orientación	3º ESO A	2º ESO A	1º ESO B	
R1					
4ª	1º ESO B		1º ESO A	2º ESO A	
5ª	1º ESO B	R. Tit. FPB 1º ESO A	R. Tit. 1º ESO 1º FPB	R. Tit. 4º ESO 2º ESO B	
R2					
6ª					
7ª					

Horario da especialista PT con xornada 1/2:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª					
2ª	1º ESO A		3º ESO A 1º ESO A		1º ESO B

3ª	R. Orientación		3º ESO A		
R1					
4ª	R.Tit. 3º ESO 3º ESO A		3º ESO A 1º ESO A		1º ESO A
5ª			R. Tit. 1º ESO 1º ESO A		3º ESO A
R2					
6ª	3º ESO A 1º ESO A				
7ª	Garda				

8. Recursos

8.1. Recursos persoais:

Para o axeitado desenvolvemento deste Plan é necesaria a implicación de tódolos axentes da Comunidade Educativa, cada quen dende as responsabilidades que ten asignadas: o alumnado (xunta de persoas delegadas e representantes do alumnado no consello escolar), as súas familias (contando coa A.N.P.A., de formación este curso no centro), o conxunto do profesorado (tanto individualmente como a través dos diferentes órganos de goberno e participación e coordinación docente: titores/as, equipos docentes, Claustro, Equipo Directivo, Consello Escolar, CCP, DACE, Comisión de Convivencia, Departamentos Didácticos, D.O., así como aquel persoal responsable dalgún dos proxectos específicos, equipo de convivencia, equipo de Biblioteca, etc.), e o Persoal de Administración e Servizos.

No desenvolvemento das estratexias propostas, e no tratamento de casos concretos, será necesaria a colaboración do E.O.E. (como o terceiro nivel da orientación), do Servizo de Inspección Educativa, e do CFR, na procura da formación permanente do profesorado.

Por último, no relativo o ámbito local tentarase contar con axentes educativos da contorna (persoal docente doutros centros educativos e centros adscritos), especialistas externos doutras institucións de interese, Servizos Sociais, Servizos de Saúde, e empresas do contorno que poidan ser de axuda na Orientación Académica e Profesional do alumnado.

8.2. Recursos Materiais

Para o axeitado desenvolvemento das actividades propostas serán necesarios todos aqueles recursos materiais, funxibles e non funxibles, dispoñibles no Centro e no D.O., así como todos aqueles que se poidan adquirir ou elaborar ao longo do curso académico; ademais de todos aqueles recursos locais aos que se poida acceder.

Entre o material non funxible sinalamos: bibliografía especializada, programas comercializados dixitais e impresos, probas psicométricas, programas elaborados polo propio departamento, guías informativas, material do CFR, presuposto do departamento, recursos na rede, lexislación educativa e documentos de centro. Tamén contaremos con materiais visuais fixos (encerado, murais, cartelería...) e proxectados (canón, encerado dixital), medios audiovisuais (vídeo...), tecnoloxías da información e comunicación (servizos de Internet como as redes sociais, páxinas webs, actividades online, blogs, aulas virtuais...); ordenador, etc.

8.3. Recursos Organizativos:

Incluímos como recursos organizativos os momentos de reunión e posta en común cos que contamos ao longo do curso académico:

- Reunións dos membros do departamento.
- Reunións semanais con titores.
- Reunións mensuais da CCP.
- Reunións do claustro (periodicidade mínima trimestral).
- Coordinación co equipo directivo.
- Horario de atención a familias e alumnado.
- Xuntas de avaliación.
- Reunións trimestrais coas xefaturas de orientación dos centros adscritos.
- Reunións cos Departamentos de Benestar Social do concello para o seguimento e axuste dos plans de intervención e a súa avaliación, tanto procesual coma de resultados.

9. Avaliación do Plan e propostas de mellora

9.1. Momentos de avaliación

O modelo que seguimos para a avaliación do Plan (e dos programas) está baseado no CIPP (Context, Input, Process, Product) de Stufflebeam (1990).

Coa **avaliación inicial** coñecemos as características do contexto e do centro para detectar as súas necesidades. Esta información serviunos para tomar decisións de planificación e determinar os obxectivos e contidos do plan.

En canto a **avaliación do proceso**, tentaremos recoller información que nos permita valorar se se están desenvolvendo as distintas accións de que consta o plan e se funcionan satisfactoriamente ou se é necesario introducir modificacións. A finalidade é ir optimizando o Plan a medida que se vai implementando.

A **avaliación final** nos servirá para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos. A súa finalidade é tomar decisións respecto á súa continuación no próximo curso.

Esta avaliación concretarémola na memoria final do Departamento, onde se valorará o traballo nos distintos ámbitos de actuación, se detallarán os logros e as dificultades atopadas, e se farán as propostas de mellora para o vindeiro curso.

9.2. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación que nos servirán de guía e marco de referencia serán:

- Grao de satisfacción do profesorado respecto das medidas de atención á diversidade e das actividades de tutoría e orientación.
- Grao de satisfacción do alumnado coas actividades de tutoría e orientación.
- Grao de satisfacción das familias coas actividades levadas a cabo.
- Nivel de coordinación profesorado/orientadora/equipo directivo/familias.
- Nivel de participación e implicación do profesorado nas actividades.
- Nivel de implicación das familias.
- Nivel de implicación das institucións locais.
- Adecuación das actividades propostas, dos materiais e da temporalización ás necesidades.

- grao de consecución dos obxectivos propostos.
- grao de adecuación dos materiais, da metodoloxía, da temporalización e dos espazos previstos.

9.3. Axentes de avaliación

É importante que neste proceso de avaliación participen todos os axentes implicados no deseño, elaboración e desenvolvemento do Plan, incluíndo:

- Profesorado do Centro, especialmente o equipo de titores/as.
- As xefaturas dos Departamentos Didácticos.
- Alumnado do Centro.
- As familias do alumnado.
- Equipo Directivo do Centro.
- Os responsables das institucións colaboradoras.
- Os membros do Departamento de Orientación.

7.4. Instrumentos para a avaliación:

Como instrumentos para avaliación empregaremos:

- A Memoria Anual do Departamento de Orientación do curso académico anterior.
- Cuestionarios para a avaliación do Plan e da función orientadora para recoller a valoración das actividades, valorar a acción titorial e a integración da orientación nas materias.
- Cuestionarios destinados ás familias para valorar as accións nas que se vexan implicados e análise de participación mediante control de asistencia ás mesmas.
- Rexistros de avaliación das actividades do D.O.
- Observación participante e sistemática.
- Intercambios orais entre os implicados, en forma de debates, reunións e entrevistas co profesorado, alumnado, familias, axentes externos e centros adscritos; e as súas actas.

As Neves, 2 de outubro de 2023

Asdo: Irene Fariña Lamosa,
substituta da Xefa do Departamento de Orientación María del Pilar Suárez Carrera.